

**13 DE FEBREIRO
DÍA MUNDIAL DA RADIO**



Ola amiguiños e amiguiñas de Sanguineda!

Son o voso compañeiro da radio escolar que, por aquí vos ando un chisquiño amolado....sabedes por que??? Pois cóntovos!

Decateime de que, neste cole, o meu cole, hai unha chea de mascotas ás que queredes e mimades: Amodiño, Saniña, Graci, Porfi, Leo, Gale, Gala e.....e.....e.....EU!!

Pero eu....quen veño sendo? Ese que está na radio...pintado nos buzóns das dedicatorias....ese de cor amarelo e cascos....ese....ese SEN NOME....



Como non vou estar tristeiro!! Agora me entendedes, non si? Pois ben, penso que habería que buscar axiña unha solución para que o meu sorriso lucira como é debido. É por isto que, preciso da vosa axuda para que deixe de ser..."ESE SEN NOME".

Seriades quen de buscarme un nome chulo?? Un ben espectacular co que poderme presentar sempre que me pregunten, e saber explicarlle aos demais por qué me puxeron tal nome.

Aceptades o reto??? Estou ansioso por recibir as vosas ideas e así, entre todas as propostas achegadas, elixir aquela que mellor me represente, coa que me identifique por e para sempre neste cole!

Podedes enviar as vosas boas ideas a través da web do cole, en [concursos-radio escolar](#) ou ben, darlla directamente á vosa titora. A data límite será ata o xoves 10 de febreiro.

Haberá unha sorpresiña para aquel ou aquela que atope....o NOME PERFECTO!

Grazas a todos e a todas.

Despídese de vós un que...a piques está de saber quen é.

